



Concello de
OURENSE

Incorporación de Remanentes 6-R/19

(mod 52/19)

Expte CIVIDAS nº 2019030351

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta emitido polo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en data 03/08/2019, en relación ao expediente 6-R/2019 (ref: 183/2019), **refrendado pola Concelleira delegada de Facenda**, en data 05/08/2019, remitido para informe preceptivo da Intervención Municipal en data 05/08/2019, de acordo co previsto no artigo 29 e ss. do Real Decreto 424/2017, de 29 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno nas Entidades do Sector Público Local.

Visto o informe da Intervención Municipal (ref: 06R-19) de data 12/09/2019, no que se conclúe: “ O expediente de incorporación de remanentes núm. 6 en tramitación, **axústase á lexislación vixente aplicable na materia dende o punto de vista da normativa de xestión orzamentaria**, nomeadamente o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Maila ó anterior, dende a perspectiva do cumprimento das regras fiscais, a modificación orzamentaria proposta incide nos desequilibrios orzamentarios advertidos con ocasión da liquidación do exercicio 2018, sen que de xeito correlativo aprobarase un Plan Económico Financeiro que garantice o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e regra de gasto no exercicio do 2019”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 6-R/19, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2018, financiados con recursos xerais, por un importe total de un millón douscentos cuarenta e nove mil quinientos deza e nove euros con vinte e nove céntimos (1.249.519,29 €), de acordo co seguinte detalle:



A) Remanente que se incorpora

REM	ORG	PRO G	ECON	NOM PARTIDA	Rmte a incorporar	Financiamento	Motivo incorp LRFL
S	240	1360	62200	Dependencias do Serv. de Extinc. de Incendios	41.000,00 €	87000	182.a) - MOD 14P/18
S	240	1360	62300	Inv. nova maqui. inst. tec e utillaxe Ext.Incendio	251.000,00 €	87000	182.a) - MOD 14P/18
S	240	1360	62400	Elementos de transporte Ext. Incendios	895.619,00 €	87000	182.a) - MOD 14P/18
S	240	1360	62500	Mobiliario Ext. Incendios	28.000,29 €	87000	182.a) - MOD 14P/18
S	240	1360	62600	Equipos procesos de infor. serv. de Extinc. Incend	33.900,00 €	87000	182.a) - MOD 14P/18

1.249.519,29 €

B) Recursos que financian a incorporación

Resumen fontes financiamento

Concepto de ingresos	Importe
Remanente de Tesourería para gastos xerais (87000)	1.249.519,29 €
Total recursos financeiros dispoñibles	1.249.519,29 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

3.- Dar traslado a todos os Servizos con partidas orzamentarias afectadas pola presente modificación orzamentaria.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

